



O Instituto de Estudos Miñoráns presentará o vindeiro **venres 16 de xuño ás 20:30H** o segundo traballo do grupo musical Zurrumalla " Camiño por ti". Composto por

Patri González

: Pandeireta, pandeira e voz,

Carlos Sabaríz

, "Pelouro": Bombo,

Suso Comesaña

: Gaitas, saxo soprano e voz,

Juan Comesaña, "Viti

": Tamboril,

Nacho Álvarez:

Acordeón e voz,

Bieito Lobariñas

: Gaitas, cunchas, pandeireta e voz. O acto terá lugar na sede do IEM (Aula de Cultura Ponte de Rosas, Avda. Da Feira , 10 baixo. Gondomar) e será presentado por Xilberte Manso de la Torre.

"Zurrumalla naceu como grupo ala por febrero do ano 2000 cando un grupo de amigos decidimos dar pulo aos nosos anceios e ás nosas inquedañas musicais. Desde o inicio, co esforzo e o tempo roubado aos nosos quefaceres cotiáns para os ensaios por acá e acolá, fonos quen de ilusionarnos e gozar coas notas que iamos arrincando á historia e tradición musical da terra. Arredor dela creamos un universo no que nos sentimos unidos, ledos e orgullosos. O noso desexo é compartir este gozo, esta ledicia e este orgullo amáis de que entre todos e todas, dignifiquemos a tradición. Por iso, durante estes anos da vida do grupo, e ao longo dos moitos concertos pola xeografía do país, procuramos ofrecer o mellor que como gaiteros podemos arrincar de nós".

Presentación do segundo traballo de Zurrumalla " Camiño por ti" o venres 16 de xuño ás 20:30H.

Escrito por IEM -Sec
Domingo, 04 Xuño 2017 19:53

Podedes acceder a máis info en: <https://zurrumalla.wordpress.com>